

Xoves, 16 de xullo de 2026

Núm. 134

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VILAGARCÍA DE AROUSA****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT E DO ACORDO MARCO**ANUNCIO*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 28 de maio de 2026, adoptou inicialmente o seguinte Acordo:

Ratificar o acordo da Mesa de Negociación de Empregados Públicos de modificación puntual da RPT, Catálogo de Postos e valoración de postos: Respecto aos postos de Policía Local e persoal adscrito ao servizo de Emerxencias con quendas rotativas que inclúen noites a súa compensación económica deben formar parte da valoración do complemento específico, polo que se procedeu a aprobar a actualización da valoración de ditos postos para a integración de dita circunstancia na valoración dos factores de cada posto dentro do Complemento Específico, reflectindo a RPT os novos niveis asignados coa conseguinte actualización económica.

Ratificar o acordo da Mesa de Negociación persoal funcionario con relación a: Modificar o artigo 44 do Acordo Marco que queda redactado:

“Enténdese por xornada nocturna cando polo menos a metade da xornada ordinaria diaria estea comprendida entra as 22:00 do día de inicio e as 8:00 do día seguinte.”

Por todo elo, e segundo o previsto na Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, procedeuse a exposición ao público polo prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio no BOPP, número 103, de data 2 de xuño de 2026, sen que se presentasen reclamacións, suxestións ou alegacións. Polo que considerase definitivamente aprobado.

Asemade o expediente está disponible na sede electrónica do Concello de Vilagarcía “sede.vilagarcia.gal”.

Vilagarcía de Arousa, a 14 de xullo de 2026

O Alcalde-Presidente

Asdo/ Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:30E6ZRCCLPC9VNVV

